



XORNADAS DE RECOLLIDA SELECTIVA DE LIXO

por **Antón Masa**,
Segretario da A.P.D.R.
de Pontevedra

Ao longo dos días 18 e 19 de Xuño, tiveron lugar en Pontevedra unhas «XORNADAS DE RECOLLIDA SELECTIVA NA ORIXE E RECICLAXE DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS»; organizadas pola «ASOCIACION POLA DEFENSA DA RIA», e cunha importante asistencia de público, contaron coa presenza de 7 ponentes, todos eles verdadeiros especialistas na materia.

Abriron-se as Xornadas na tarde do Venres 18 cunha charla sobre «A necesidade da reciclaxe dos R.S.U. na Galiza no ámbito europeo», da que foi ponente Alfonso Del Val Rodríguez, sociólogo e urbanista adicado ao traballo no eido da protección do medioambiente desde o ano 1975. Fundador da revista «El Ecologista», da que foi coordinador, traballa na actualidade como consultor para temas de reciclaxe de residuos para a Segredaria de Estado para as Políticas de Auga e Medioambiente do MOPT. Deixou claro Alfonso Del Val que Galiza, desde a entrada do Estado Español na C.E., ten a obriga de cumprir os Programas de Medioambiente que elabora a Comunidade cada 5 anos, e que o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos da Xunta de Galicia entra en clara contradición co 5º Programa actualmente en vigor.


Xá no sábado, e nunha maratoniada xornada de mais de 12 horas de exposición orais, vídeos, diapositivas e discusións en Asemblea, foron-se sucedendo o resto dos temas.

Tivemos a oportunidade de coñecer dous «Modelos de recollida selectiva integral dos residuos urbanos» que están a funcionar na mancomunidade de Montejurra (Estella-Navarra) e en Córdoba respectivamente, temas expostos por Luís Mari Rodríguez Elía, enxeñeiro técnico industrial e director da citada mancomunidade, e polo enxeñeiro agrónomo e industrial Xosé Antón González Ferreira, director xerente da Empresa Municipal «Saneamento de Córdoba S.A.», e as posibilidades de «Criación de emprego ao traveso da recollida selectiva e da reciclaxe» ao traveso da experiencia dos Traperos de Emaus (Pamplona) comentada polo seu fundador e actual coordinador José María García Breso, que definiu ao colectivo como «unha opción pola solidariedade coas persoas, colectivos ou povos carentes do indispensábel para o

desenrolo das súas vidas con dignidade e autonomía», un colectivo no que hoxe traballan 60 persoas que se negan a admitir o modelo de sociedade que considera inútil o lixo e que marxina a milleiros de persoas con problemas; «os aparentemente inúteis co aparentemente inútil, facemos algo moi útil para a sociedade» podería ser o seu berro á sociedade do despilfarro.

«A compostaxe da fracción orgánica dos residuos urbanos» foi o tema exposto polo director do Departamento de Medioambiente do «Consello Superior das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España», o enxeñeiro agrónomo Santos Cuadros García, que deixou ver as posibilidades que abre - mesmo desde o punto de vista económico - a compostaxe do lixo e a súa posterior utilización na agricultura, xardiñeiría,...

As dúas últimas ponencias tiñan unha especial concreción cara realidade na Galiza, onde a situación dista moito de se semellar ás expostas nas anteriores ponencias. Guillermo Fernández Obanza, membro de BIOTOPO, expuxo o «Proxecto marco medioambiental para os residuos sólidos urbanos para a Mancomunidade da área da Coruña» do que é autor, e xá por último Ramón Varela, biólogo e Presidente de ADEGA, deseñou un «Modelo de recollida de lixo para Galiza», modelo a todas luces diferente do proposto pola Xunta de Galicia.



Fonte como símbolo da reciclaxe na Planta de tratamento de R.S.U. de Cárcar (Mancomunidade de Montejurra, Nafarroa).

Rematadas as Xornadas, a Xunta Direitiva da «APDR» elaborou unhas primeiras conclusións, entre as que cumpre destacar o seguinte:

A APDR, que aposta decididamente pola recollida selectiva e a reciclaxe do lixo, opon-se frontalmente ao Plan de Xestión de Resíduos Sólidos Urbanos da Xunta e compromete-se a traballar cara coordinación na Galiza dunha oposición organizada contra da «Política de Incineración» proposta polo goberno autónomo.

Consentes da necesidade de difundir na nosa bisbarra esta temática, adquirimos o firme compromiso de tentar dinamizar -na medida das nosas posibilidades- un plano de Educación Meio-ambiental nalgúns coléxios sobre a Recollida Selectiva do Lixo, e de aportar ao próprio Concello de Pontevedra a información precisa sobre a viabilidade deste sistema. Non desbotamos a idea de propor formalmente ao Concello que escomece un plano piloto de Recollida Selectiva nalgún barrio da nosa vila que poidera servir de inicio cara consecución dun plano semellante ao que hoxe existe xá nalgunha das localidades das que fomos informados/as ao longo das Xornadas. ■

A PLATAFORMA CONTRA A DESERTIZACIÓN DA LIMIA

Ven de constituir-se este verán a Plataforma contra a desertización da Limia na que están integrados practicamente todos os grupos ecoloxistas da provincia de Ourense e que conta tamén co apoio da AGENG.

Os obxectivos que perseguimos son:

1º Que se proceda a reflorestar a Limia con especies autóctonas tal como ten prometido a Consellería de Agricultura en varias ocasións, quen, polo visto ten un viveiro na Limia preparado para estas actividades.

2º Que desde a administración e aproveitando as axudas económicas da CE para proxectos medio-ambientais se potencie a plantación nas zonas concentradas tanto nos comunais como nas fincas de propiedade particular, de frondosas co fin de promocionar a madeira de calidade.

3º Que para as futuras concentracións parcelarias que se fagan tanto nesta comarca como no resto da nación esiximos:

a) O cumprimento da «Ley 431989 de Conservación de los Espacios Naturales y de la Flora y Fauna silvestres» que na súa disposición adicional Segunda obriga á realización de avaliación do impacto ambiental para este tipo de actividades e da que deica agora a Xunta non ten feito caso. Polo tanto consideramos que os decretos de concentración son ilegais ao carecer dunha avaliación do seu impacto.

b) Lograr que muden os criterios técnicos que rexen a execución das obras de apartelamento para que sexan respetuosos coa natureza, entre outras reformas propomos:

Concentración por prazas de labradio e conservación das sebes naturais.

Redución das pistas de servidume e conservación e arranxo dos camiños tradicionais.

Valoración do arboredo dentro da catalogación das fincas, co fin de evitar a súa tala abusiva.

Confección de catálogos de árbores centenarias e significativas para despois ser declaradas monumentos naturais e impedir a súa desaparición.

Prohibición da execución das obras en poca de cría.

c) Propor que se fagan estudos socio-económicos das zonas a concentrar para evitar que os cultivos sexan excedentários e non teñan unha saída decente no mercado, como o caso da pataca. Pero antes de afrontar unha concentración parcelaria que sempre leva consigo un grande impacto por moi ben que as fagamos, pensamos que sería necesario buscar solucións alternativas como a agricultura biolóxica para obtención de produtos de calidade ou a conservación da paisaxe para promoción do turismo rural tan de moda nestes días.

Aliás da denuncia e divulgación da problemática da desertización da Limia, pretendemos levar a cabo un seguimento riguroso dos procesos de concentración que hai nalgunhas zonas da Limia. Está dentro da nosa intención lograr que a protección das masas florestais autóctonas que recolle a Lei de Concentración Parcelaria para Galiza sexa cumprida así como que se deixen sen concentrar certos lugares de valor extra-agrario e de interese ecolóxico, que é

outra das posibilidades de conservación que permite a citada lei. Esta Plataforma fai un chamamento a todos aqueles que estexan sensibilizados para que nas futuras concentracións de toda Galicia crie plataformas semellantes que canalicen e fomenten a oposición a este tipo de apartelamento aberrante. ■



I ENCONTROS GALEGOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Organizados pola Comisión de Educación Ambiental da Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas da Galiza (AGENG), desenvolveron-se ao longo dos días 26 e 27 de Xuño os I Encontros Galegos de Educación Ambiental.

Presentou os encontros o profesor Manuel Antonio quen abordou a historia e as perspectivas da educación ambiental na Galiza. Seguiron-lle as ponencias presentadas por preto de 30 colectivos: CEM da Coruña, OMIC Chantada, Terra Dentro Taboada, Fume de Carozo Padrón, Escola de Montefurado, I.B. Xelmírez Santiago, Papaventos Chantada, AGENG Galiza, Plataforma pola Ría de Ribadeo, Oureol Santiago, Os Papeiros Chantada, CODA, Conbici Galicia, Teléfono Verde Ourense, CMC Santiago, Cruz Bermella Lugo, Xevale, Xerfa Santiago, IESP Vimianzo, Sobreira Lalín, Gaia Ourense, Adenco Pontareas, O Salnés, Xea Redondela. Rematou-se a mañán coa presentación por parte de Xaquín Penas Patiño de un libro sobre o meio mariño.


Pola tarde desenvolveu-se o debate que tivo continuidade na mañán do día seguinte. Todas estas actividades foron complementadas con Xogos Cooperativos, Audiovisuais, Exposicións, etc...

Entre as conclusións apuntadas polos distintos grupos participantes compre salientar a denuncia política de educación ambiental da maior parte das institucións e as múltiples trabas que poñen para desenvolver programas de educación ambiental. Pediu-se tamén o recoñecemento e o apoio dos programas que están a desenvolver os colectivos de educación ambiental en Galiza, así coma o cumprimento dos programas de educación ambiental nos centros educativos baixo as premisas de interdisciplinabilidade, coherencia, continuidade e práctica. Denunciaron tamén a publicidade ecolóxica enganosa con graves efectos de cara á concienciación

respeito ao meio ambiente. Finalmente esixe-se das institucións públicas o fomento de programas de educación ambiental dirixidos a todos os estratos sociais, medios de comunicación institucionais, empresas, infancia, xuventude, terceira idade...

No que se refere á continuidade do traballo da Comisión de Educación Ambiental da AGENG, está retomar a campaña de aforro enerxético lanzada no pasado mes de xuño ampliada a diferentes sectores sociais: xuventude, amas/os de casa, concellos, universidade, centros educativos en xeral, etc...

EDUCACION AMBIENTAL PRENATAL



Papaventos Educación Ambiental está a realizar estudos e investigacións sobre a posibilidade de desenvolver programas de educación ambiental dirixidos ao mundo do neno/a antes do seu nacemento.

Distintos estudos de prestixiosos doutores de diferentes partes do mundo defender a tese de que antes de nacer o neno presenta un estado de consciencia, sobre todo a partires do sexto mes onde, aseguran, ten vida emocional e influenciable por múltiples factores externos.

Papaventos pensa que posíbel estimular nestos momentos ao neno/a con actitudes externas que o encamiñen a convivir en harmonía co entorno ambiental e social que lle vai rodear no futuro. Por

isto ten elaborado un díptico divulgativo dirixido a nais e pais nos que se recollen algúns consellos coma recurrir a unha alimentación natural, fuxir do ruído e do estrés, consumismo, agresividade, competitividade, etc...

Para máis información dirixir-se a **PAPAVENTOS E.A.** Apto. 35 Chantada (Lugo).

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE EDUCACION AMBIENTAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO- CURSO 93-94

No marco deste programa coordinado polo Taller de Educación Ambiental do I.C.E., ADEGA, e o Obradoiro Ambiental OUREOL, en cuxas campañas colabora tamén o Departamento de Educación Ambiental de Pedagogía, contemplan-se as seguintes actuacións:

Recollida de papel. Propon-se retomar a campaña de recollida de papel cun funcionamento autónomo de xeito que cada facultade trate pola súa conta a recollida cos encargados da Planta de Reciclaxe que está de novo en funcionamento, esta vez a cargo de COGAMI (Confederación Galega de Minusválidos).

Uso de papel reciclado. Inicio da campaña no Reitorado, Decanatos e Departamentos, potenciando o uso de papel reciclado no seu emprego habitual: papel timbrado, sobres, publicacións... Paralelamente fara-se a campaña dirixida ás e ós alumnos da Universidade.

Instalación de contenedores de vidro nos lugares nos que fosen mais necesarios para recoller non só recipientes de hostelería senon tamén material de laboratorio.

Aforro enerxético, centrando a campaña no aforro nas calefaccións, máis tamén na luz e na auga. ■

ESTUDO INTEGRAL DUNHA AREA DE MONTAÑA: ANCARES

Baixo a dirección do profesor D. Augusto Pérez Alberti, celebrouse no Instituto de Bacharelato de Becerreá, do 5 ao 9 do mes de Xullo pasado, o curso da Universidade de Santiago cuxo título encabeza esta breve reseña.

Este curso de verán contou coa participación de destacados especialistas nas diferentes ramas necesarias para un achegamento interdisciplinario a unha realidade tan multiforme e interesante como a da bisbarra galego-leonesa dos Ancares. Desenvolvéronse unha serie de conferencias e saídas ó campo para o estudo «in situ» dos diferentes aspectos tratados.

Destacamos a intervención do Profesor Alberti sobre «Formas e procesos xeomorfolóxicos no N.E. de Galicia», na

que disertou sobor das recentes investigacións nos macizos orientais galegos, que están levándonos ó convencemento da existencia de grandes aparatos glaciares (con lonxitudes de 10 km. e máis, e profundidades de ata 200 mts.), como os de Piornedo, Porcarizas, Campo del Agua, desde hai 25.000 anos.

O profesor Pablo Ramil Rego trazou unha documentadísima historia da vexetación galega no Cuaternario, a partir da análise palinolóxica dos depósitos turbosos e lacustres. Complicada historia, na que a sucesión de períodos glaciares e interglaciares determina o predominio dunhas plantas ou outras. A aparición da agricultura (que detecta polo descubrimento de esfarna de cereais en materiais de 5.000 anos A.d.C.) trae consigo as primeiras grandes deforestacións neolíticas por medio do lume. A paisaxe actual configúrase a partir doutro ciclo deforestador na Idade Media e, sobre todo, da posterior introducción dos

piñeiros, dos eucaliptos, e a catastrófica incidencia dos incendios forestais.

O profesor Rubén C. Lois González expuxo o panorama socioeconómico destas áreas de montaña, amosando unha visión económica e social desoladora, debido ó gran vaciado demográfico existente, ás taxas de envellecemento poboacional, e falla de alternativas de desenvolvemento. Ben ó contrario, téndense a polarizar as actividades en torno a uns núcleos, que actúan como cabeceiras terciarizadas, asociadas ás novas vías de comunicación, mentras que se abandonan as demais zonas.

En resume, un interesante curso, do que sería interesante que saíra unha publicación colectiva, como aquela existente sobre a Serra do Courel, para contribuir á difusión dunha realidade inxusta e favorecer posibilidades de intervención.

Manuel Antonio Fdez Domínguez.

Taller de E.A. «A Curuxa». I.B. Xelmírez I. *Santiago de Compostela.*

CAMPAÑA PARA UNHA ALIMENTACIÓN SAN, ECOLÓXICA E NON EXPLOTADORA DO TERCEIRO MUNDO

Tres son as razóns que xustifican este esforzo: saúde, ecoloxía e solidariedade. Orgániza:

Ecós do Sur (grupo estudio dunha alimentación san), R/ Curros Enríquez, 1-15178

Dornela, A Coruña. Tfno.628011

Unha das actividades da campaña consistirá na distribución de 50.000 papeliños informativos pola cidade da Coruña. «Non temos máis intención que chama-la atención da poboación sobre un tema que lles afecta directamente...».

CAMPAÑA LOBO IBÉRICO EN GALICIA

LANDRA, ERVA, O BROTE, CEDENAT, HABITAT, TARAIO, C.E.M. E BIOTOPO están levando adiante esta campaña, que comenzo co envío de tarxetas protesta ó Conselleiro de Agricultura, esixindo un sistema de compensación eficaz e xusto para os gandeiros afectados polos ataques do lobo. A campaña contempla ademais outros aspectos como o da protección para os cabalos de monte.

